

SOÑAN OS POLBOS CANDO DORMEN?

Unha boa pregunta á que tentaremos contestar a partir desta nova e deste pequeno vídeo, que deberemos ler e ver con moita atención e tomar os noso apuntamentos. <https://www.gciencia.com/videonautas/gravan-en-video-os-cambios-de-cor-dun-polbo-cando-durme/>

Consultamos algunha outra fonte ou web ... facemos a nosa versión “persoal e intransferible”, e por iso queremos amosarlle a todos e todas na nosa radio así que para que quede realmente ben, deberemos buscar unha música e efectos especiais axeitados.


Deberedes repartirvos os textos resultantes e faredes un **guión** coa parte que vos toca ler a cada un/ha.

Despois debedes buscar unha música axeitada e os efectos sonoros que poidan encaixar coas distintas partes do programa.


Poderedes buscar esta música e os efectos na librería de youtube

<https://www.youtube.com/audiolibrary/music> ou no banco do Ministerio de Cultura

<http://recursostic.educacion.es/bancoimagenes/web/> ou ben en <http://soundbible.com>



Deberedes chegar a un acordo para poñerlle un nome a este programa e un lema. A continuación faredes o programa partindo da seguinte escaleta:

Sintonía da radio ou do programa	
Presentación do programa: un presentador/a danos a benvinda e introduce aos participantes do programa e o tema de que trata.	
Lectura do guión: comeza a lectura do guión e vaise introducindo con música de fondo e con efectos onde están programados.	
Despedida: o mesmo presentador/a despide o programa lembrando en que lugar de Internet pode ser escoitado	
Sintonía da radio ou do programa	

Sintonía da radio ou do programa